



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN DIRIXIDA AO PLENO POLA ACCESIBILIDADE NO CONCELLO DE FERROL

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal unha moción pola accesibilidade no Concello de Ferrol.

Exposición de motivos

As administracións públicas teñen o deber e a obriga de cumprir e facer cumprir a lexislación e defender os dereitos fundamentais de todos e todas as cidadáns, e neste senso deben establecer as medidas de accesibilidade, nos espazos e institucións públicos, que garantan a plena inclusión e o total desenvolvemento da autonomía persoal, implementando, así mesmo, accións e medidas encamiñadas a procurar as mesmas actuacións nos espazos e actividades de ámbito privado.

Nesta liña, no ano 2014, grazas ao esforzo de entidades sociais de amplo percorrido na loita pola inclusión, coma o Grupo de Diversidade Funcional ou ASCM, Ferrol iniciou un camiño para a construción dunha cidade máis accesible para as persoas con dificultades de mobilidade.

Cando o goberno actual tomou posesión, xa eran cinco as fases desenvoltas entre os técnicos do Concello, estas entidades e os diferentes gobernos que fixeron posible rachar barreiras físicas para a liberdade individual de toda a cidadanía. Máis dun millón de euros no seu conxunto e setecentas actuacións en pasos peonís, sendo a última fase aprobada en decembro do 2018 para 238 pasos de peóns cunha dotación orzamentaria de 331.000 euros.

No mesmo sentido, coa implicación de ASCM e Grupo de diversidade funcional, así como a colaboración dos centros educativos e da Policía Local, o goberno de Ferrol en Común desenvolveu un proxecto, pendente de executar, para mellorar a accesibilidade a centros educativos e deportivos, que incluía o acceso exterior como interior (gradas, aseos, vestuarios) dos pavillóns de A Malata, Ensanche Esteiro e Caranza, proxectos redactados separadamente para facilitar a súa progresiva execución por fases.

Os recursos públicos investidos en materia de accesibilidade deberan ser unha constante en calquera mandato, pois a construción dun Ferrol con cero barreiras debería ser un obxectivo compartido por calquera corporación.

Pero semella que o actual goberno no ten interese neste campo e dende xuño de 2019, data en que o goberno do PSOE tomou posesión, non se impulsou nin un só proxecto no campo da accesibilidade, paralizando incluso as actuacións das fases peonís que levaban un ritmo anual de desenvolvemento permitindo ás persoas con mobilidade reducida achegarse un pouco máis ao ideario de cero barreiras.

Co goberno do PSOE a batalla pola inclusión foi freada en seco sen novos proxectos nin preocupación por facer de Ferrol unha cidade cada vez máis accesible.

Polo que, este Grupo Municipal de Ferrol en Común, insta ao Pleno da Corporación a aprobar os seguintes ACORDOS:

1. Crear unha mesa pola accesibilidade, con participación de todos os grupos municipais, convidando a ASCM, Grupo de Diversidade Funcional, COAG e entidades que queiran adherirse, así como coa presenza de técnicos municipais, para fixar obxectivos e un plan de actuacións e investimentos anual para facer de Ferrol unha cidade sen barreiras.
2. Executar a 5º fase de pasos peonís.
3. Dar continuidade ao proxecto de fases de accesibilidade de pasos peonís, traballando na redacción da 6º fase.
4. Poñer en marcha o proxecto de accesibilidade dos centros educativos e deportivos.
5. Dotar dun ascensor ao Parking do Cantón para a consecución da plena accesibilidade.
6. Aprobar á Ordenanza de Accesibilidade do Concello de Ferrol.
7. Reservar unha partida de 500.000€ no orzamento do Concello de Ferrol para poñer en marcha diferentes proxectos de accesibilidade, entre eles os xa citados pasos de peóns, centros educativos e deportivos e o ascensor do Parking do Cantón, en prol da total accesibilidade no noso municipio.

Ferrol, 23 de abril de 2021

Jorge Suárez Fernández